



DECLARACIÓN INSTITUCIONAL APROBADA HOXE POLO PLENO DO PARLAMENTO DE GALICIA

“O narcotráfico segue afectando gravemente ao noso país, deixando ao seu paso morte, corrupción e desestructuración económica e social. Increméntanse, ano tras ano, os alixos de droga intervidos polas autoridades. Mais tamén, cada ano que pasa, a droga faise máis accesible para a nosa xente nova.

Consciente da gravidade da situación, o Parlamento de Galicia apoia activamente a campaña “Panos Brancos contra a Droga” promovida pola Fundación Galega contra o Narcotráfico, xunto con máis dun cento de colectivos sociais e fai un chamamento ao conxunto da sociedade galega para construír un futuro sen narcotráfico. Na seguranza de que, entre todos, podemos conseguilo.

Santiago de Compostela, 7 de febreiro de 2006

Asdo.:

José Manuel Barreiro Fernández
Portavoz GP Popular

Ismael Rego González
Portavoz GP Socialista

Carlos I. Aymerich Cano
Portavoz G.P. do BNG”

Un Saúdo,

Departamento de Prensa,
Presidencia do Parlamento de Galicia